

REUNIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA

Acta do 18 de maio do 2011

Asisten:

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT)

López Domínguez, Javier (CCOO)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

Pena Pérez, Enrique José (CIG) * Se incorpora á reunión ás 11,10 h.

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO) * Se incorpora á reunión ás 11,10 h.

Romero Beade, Manuel (USO)

Non asisten:

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT) * Se desculpa por estar no tribunal de telefonistas.

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Orde do día:

- Lectura e aprobación se proceder das actas das reunións que temos atrasadas.
- Análise da situación xeral (incumprimento sistemático por parte da Xerencia do artigo 64 do Estatuto dos Traballadores, RPT...)
- Ratificación das decisións tomadas nas asembleas conxuntas PAS funcionario-PAS laboral sobre o regulamento de intercambio de vacacións.
- Instalación de control de cámaras de vixilancia nas conserxarías, deberíase ter claro que servizo é o que leva o control das cámaras, en calquera caso non parece un servizo propio das actividades de conserxería ter a responsabilidade da seguridade do centro.
- Peche do servizo da Oficina de Cooperación e Voluntariado na cidade de Ferrol previsto para o día 14 de maio. Deberíamos coñecer os motivos do peche, e tamén recibir unha explicación do motivo polo que se pecha unha oficina que levaba aberta oito anos de xeito ininterrompido.
- Posible modificación do regulamento do Comité de Empresa. Hai cousas que están previstas e non se cumpren e cousas que non están previstas e precisan dunha regulación, o que causa problemas como os que xurdiron coa recente convocatoria de asemblea conxunta.
- Convocatorias.
- Rogos e preguntas

Comezo da reunión ás 10,15 horas.

- Se analiza a instancias da urxencia coa que insta Xerencia ao Comité, a convocatoria para unha listaxe de agarda de Técnico Superior en Instrumentación de Análises. Se acorda que o cuestionario sexa de 60 preguntas, non puntuando negativo os erros, sendo necesario obter un "5" para

aprobar, tendo un tempo de 75 minutos para a realización do exercicio. Se propón para o tribunal como titulares a Jorge Otero Canabal e Pedro Montesión Macías. Quédase á agarda de atopar os suplentes axeitados.

- Se acorda instar á Xerencia a que actualice ás listas de agarda de auxiliares de servizo, xa que se detecta que no posto 113 aparece Margarita Bello Gil ocupando un posto no I.N.E.F, cando esta traballadora fora cesada con data anterior á actualización da lista o día 9 de maio do 2011.
- Se acorda corrixir a acta do día 9 de maio do 2011. Unha vez realizado isto e nunha vindeira reunión, procederase á lectura e aprobación se proceder, do conxunto de actas pendentes.
- Se acorda elevar á Inspección de Traballo unha protesta polo reiterado incumprimento da Universidade do artigo 64 do Estatuto de Traballadores.
- Jorge Cordal elaborará unha proposta de modificación para o regulamento de funcionamento do Comité de Empresa.

Sen máis incidencias remata a reunión ás 14,00 h.

Comité de Empresa